

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 13 DE XUÑO DE 2013,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción de mellora de intersección no p.q. 3+530, na AC-151, no Concello de Vilarmaior (clave: AC/10/219.06).
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da estrada provincial EP-8704 Catoira-Estación, a prol do Concello de Catoira .

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en iluminación, captación e tratamento de imaxe.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en automatización e robótica industrial.
- Decreto polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais nas ensinanzas de música e artes escénicas, de idiomas, deportivas, de conservación e restauración de bens culturais e nos estudos superiores de deseño.
- Decreto polo que se crean as escolas de doutoramento nas universidades do Sistema Universitario de Galicia.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se declaran festas de Galicia de interese turístico a Feira Franca de Pontevedra; a Romaría da Tortilla de Laro e a Festa da Merluza do Pincho de Celeiro.
- Acordo polo que se aproba o Plan de simplificación legislativa para a IX lexislatura.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal denominado "Ramal MOP = 16 bar Salceda de Caselas – Salvaterra de Miño", de acordo co previsto na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para establecer pagamentos á conta en porcentaxe superior aos recollidos no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a exención da obriga de constituír garantías ao abeiro do artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e do programa de subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. Importe total: oitocentos setenta mil setecentos euros con setenta e un céntimos. (870.700,71 euros).

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre as bases de axudas do Igape á reorientación e competitividade das pemes galegas.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe sobre prezos públicos e accións de apoio aos estudantes universitarios 2013.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre Bacteriemia Zero e Neumonía Zero nos centros hospitalarios.

A XUNTA DE GALICIA INICIA O PROCESO EXPROPIATORIO PARA A MELLORA DUNHA INTERSECCIÓN NA ESTRADA AC-511 AO SEU PASO POLO CONCELLO DE VILARMAIOR

- *Co fin de realizar esta obra, o Executivo autonómico fará unha achega de 240.000 euros e ten un prazo de execución de catro meses*
- *A Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) levará a cabo as actuacións na estrada que une Campolongo con Montesalgueiro, concretamente, no punto quilométrico 3+530, no concello coruñés de Vilamaior*
- *Este proxecto ten por obxecto a mellora da intersección, co obxecto de garantir a seguridade para os usuarios desa vía e, así, evitar riscos para os veciños*
- *O Goberno galego dedicará case 65.500 euros para as expropiacións que afectan 6 predios*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe a declaración de utilidade pública e a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción de mellora da intersección da estrada que une Campolongo con Montesalgueiro (AC-151), concretamente, no punto quilométrico 3+530, no concello coruñés de Vilamaior. Esta actuación levaraa a cabo a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) e o Goberno galego prevé rematar a obra no primeiro semestre de 2014.

Co fin de realizar esta obra, o Executivo autonómico fará unha achega de 240.000 euros, e ten un prazo de execución de catro meses. Ademais, beneficiará a case 1.500 habitantes do Concello de Vilamaior e a súa área de influencia. Do importe total, a Xunta de Galicia dedicará case 65.500 euros para as expropiacións que afectan 6 predios.

Este proxecto ten por obxecto a mellora da intersección, co obxecto de garantir a seguridade para os usuarios desa vía e, así, evitar riscos innecesarios para os veciños. Para iso, fórmulase un desprazamento do punto de conexión, posto que o actual está situado nunha zona de pouca visibilidade.


Proponse construír unha variante do trazado actual, desprazando o punto de encontro coa AC-151, estrada pertencente á Rede Secundaria da Xunta de Galicia, e trasladándoo ata o p.q. 3+590. Ademais, co fin de mellorar a visibilidade na nova conexión, procederase ao acondicionamento do noiro situado na marxe esquerda, diminuíndo a súa inclinación, de forma que non supoña un obstáculo para a visibilidade.


Características técnicas

Proponse, ademais, a execución dun novo camiño que dea acceso a varios predios situados na marxe da nova vía. Para esta actuación faranse dous carrís de tres metros e un camiño de servizo de 3 m de longo.

Farase unha escavación de 3.816 metros cúbicos; un terraplén e pedraplén de 7.743 m³; 1.330 m³ de solo seleccionado; 1.256 m³ de demolicións; botaranse 305 toneladas de mestura bituminosa en quente. Finalmente, colocaranse a iluminación pública e a drenaxe lonxitudinal; sinalización e balizamento

A situación existente obriga a unha inmediata actuación dos poderes públicos para facer fronte aos problemas de seguridade viaria, por iso é necesario proceder de xeito inmediato á execución do proxecto de referencia e, consecuentemente, a unha urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios, os cales aparecen recollidos e valorados no citado proxecto.





Competencias

De conformidade co artigo 16 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, a aprobación dos proxectos de estradas de titularidade autonómica implicará a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos correspondentes aos fins de expropiación, de ocupación temporal ou de imposición ou modificación de servidumes.

A competencia para declarar a urgente ocupación correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia a teor do previsto no artigo segundo do Decreto 156/1982, do 15 de decembro, sobre asunción de transferencias en materia de estradas

A XUNTA TRANSFIRE A PROL DO CONCELLO DE CATOIRA UN TREITO DA ESTRADA PROVINCIAL CATOIRA–ESTACIÓN (EP-8704)

- ***A solicitude do cambio foi realizada polo Concello de Catoira e inclúe un tramo de 675 metros***
- ***A entrega completarase no prazo de dous meses seguintes á publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o cambio de titularidade dun treito da estrada provincial EP-8704 (Catoira–Estación), a prol do concello de Catoira.

A solicitude do cambio inclúe un tramo de 675 metros, que adquiriu características plenamente urbanas e que se encontra completamente urbanizado con beirarrúas e paso de peóns, polo que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas considera axeitado este cambio de titularidade a prol do Concello.

A entrega formalizarase no prazo de dous meses tras a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), e o Concello de Catoira converterase no responsable de todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía; así como do exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra.

Os cambios de titularidade das estradas están reguladas no artigo 5 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia. De acordo con este artigo os cambios dos nomes das vías deben ser aprobados por un decreto de Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas. A Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) é a encargada de avaliar o cambio de titularidade.

Ademais, o artigo 4 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, alega que as entidades locais dentro das súas competencias aprobarán a relación de estradas da súa titularidade.

Cumprindo o exposto, o treito da EP-8704 deberá incorporarse ao plan de estradas do Concello de Catoira.

CULTURA E EDUCACIÓN ACTUALIZA OS TÍTULOS DE TÉCNICO SUPERIOR EN ILUMINACIÓN, CAPTACIÓN E TRATAMENTO DE IMAXE, E DE AUTOMATIZACIÓN E ROBÓTICA INDUSTRIAL

- ***Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe aos novos currículos destas ensinanzas para adaptalos ás novas necesidades dos sectores que demandan estes profesionais***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria someteu hoxe á aprobación do Consello da Xunta os novos currículos dos ciclos formativos de grao superior correspondente ao título de técnico superior en iluminación, captación e tratamento de imaxe, e o de técnico superior en automatización e robótica industrial. O obxectivo é adaptar estes ciclos formativos ás necesidades dos sectores que demandan estes profesionais, tendo en conta o pulo tanto do mundo do espectáculo e a organización de eventos como o da automática e robótica industrial, que lle abren a estes titulados novas oportunidades de emprego.

Coa aprobación destes dous currículos a Consellería leva xa adaptados 68 ciclos formativos aos requirimentos da Lei das cualificacións profesionais, así como ao contexto do tecido socioproductivo galego, de acordo co compromiso do Goberno galego coa posta en valor da FP como unha baza fundamental para loitar contra o desemprego entre os máis novos, así como para contribuír á formación ao longo da vida das persoas traballadoras.

Iluminación, captación e tratamento de imaxe

Respecto do ciclo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en iluminación, captación e tratamento de imaxe, os titulados nestas ensinanzas adquirirán as competencias necesarias para realizar proxectos fotográficos completos, captar, rexistrar e tratar imaxes en producións audiovisuais e iluminar espazos escénicos en audiovisuais, espectáculos e eventos, determinando e controlando a calidade técnica, formal e expresiva. Poderán desenvolver a súa actividade no ámbito da captación e o rexistro de imaxes e da iluminación, en produtoras de cine e vídeo e en emisoras de televisión, así como en empresas dedicadas á iluminación espectacular en calquera clase de espectáculos e eventos, e tamén en empresas dedicadas á elaboración, á xeración e ao tratamento dixital de imaxes fotográficas.

Neste sector poderán ocupar postos como o de cámara e axudante de cámara de cine, vídeo e televisión, cámara de ENG, iluminador e axudante de iluminación de televisión, responsable de iluminación ou luminotécnico en espectáculos en vivo, técnico/a de mesas de control de iluminación en espectáculos, fotógrafo, operador de foto fixa, reporteiro gráfico, retocador fotográfico dixital ou supervisor de sistemas dixitais e vectoriais de imaxe. Neste sentido, cómpre salientar o pulo e a proxección de futuro que se adiviña para o eido do espectáculo e a organización de eventos, especialmente vinculados ao márketing, o que abre un amplo campo de traballo a estes profesionais.

Robótica

No que atinxe aos titulados no ciclo de Automatización e robótica industrial, contarán coas competencias necesarias para desenvolver e xestionar proxectos de montaxe e mantemento de instalacións automáticas de medida, regulación e control de procesos en sistemas industriais, así como para supervisar ou executar a montaxe, o mantemento e a posta en marcha deses sistemas, respectando criterios de calidade, seguridade e respecto polo ambiente e o deseño universal. Neste sentido, cómpre salientar as posibilidades de evolución que ten o sector da automática e robótica industrial, que abren un amplo abano de posibilidades de colocación para estes profesionais.

Os postos que poderán desempeñar serán, entre outros, os de xefe de equipo de supervisión de montaxe de sistemas de automatización industrial, de supervisión de mantemento de sistemas de automatización industrial, ou en taller electromecánico, verificador de aparellos, cadros e equipamentos eléctricos, deseñador de circuítos e sistemas integrados en automatización industrial e programado controlador de robots industriais. Así mesmo, poderán exercer como técnicos, ben en organización de mantemento de sistemas de automatización industrial, de posta en marcha de sistemas de automatización industrial, ou en deseño de sistemas de control eléctrico; ou como proxectista de sistemas de control de sistemas de automatización industrial, de sistemas de medida e regulación de sistemas de automatización industrial ou de redes de comunicación de sistemas de automatización industrial.

CULTURA E EDUCACIÓN MANTERÁ OS PREZOS PÚBLICOS DAS ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL POR BAIXO DA MEDIA ESPAÑOLA

- ***O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace á actualización destes prezos, que permite soste e mellorar a calidade dos estudos de música, artes escénicas, idiomas, deportivas, de conservación e restauración de bens culturais e superiores de deseño que se imparten na nosa comunidade***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria manterá o vindeiro curso os prezos públicos das ensinanzas de música, artes escénicas, de idiomas, deportivas, de conservación e restauración de bens culturais e nos estudos superiores de deseño incluso por debaixo da media española do curso 2012/2013, segundo o aprobado hoxe polo Consello da Xunta, que deu o visto e prace á actualización destes prezos. Deste xeito, actualízanse as contías establecidas no 2006 polo Decreto 147/2006, do 31 de agosto (DOG 8 de setembro), é dicir, que levaban 7 anos sen actualizar. Con esta actualización regularanse tamén as taxas para as ensinanzas deportivas, que ata o momento non estaban incluídas no devandito decreto.

A actualización dos prezos permitirá soste e mellorar a calidade destas ensinanzas xa que, con eles a Consellería subvencionará polo menos un 82,38% do custe total da ensinanza – no caso das Escolas Oficiais de Idiomas-, ata un 96,49% no caso dos Conservatorios Elementais de Música e Danza. Aínda así, Galicia continuará a estar entre as Comunidades Autónomas coas taxas máis baixas en conservatorios profesionais e superiores de música, escolas superiores de arte dramática e ensinanzas superiores de artes plásticas e deseño, cuns prezos aínda máis baixo que o promedio a nivel estatal nos do actual curso, unha media que aínda podería ser máis favorable a Galicia se outras Comunidade deciden incrementar estas contías. As matrículas das Escolas de Idiomas son, en algún caso, ata 6,8 veces máis baratas que as que cobran as nosas universidades. Así, un estudante do conservatorio superior de música aboará en Galicia 483 euros, fronte aos 2.121,60 euros que se pagou no actual curso en Cataluña, Comunidade na que tamén se aboaron ata 1.023 euros pola matrículas nas ensinanzas superiores de artes plásticas e deseño, fronte aos 295 que se aboarán en Galicia tras a actualización.

Tamén nas Escolas Oficiais de Idiomas, Galicia mantense no entorno da media nacional, cun prezo público de 105 euros para o próximo curso. A contía que o alumnado galego terá que aboar queda moi por debaixo do promedio do resto das Comunidades nos casos dos conservatorios superiores de música, nos que a media neste curso foi de 1.178,89 euros, nas escolas superiores de arte dramática – media de 921,40 euros neste ano académico- e nas ensinanzas superiores de artes plásticas e deseño – media de 573,71 euros.

Gratuidade para os docentes

Cómpre salientar que, en virtude da aposta da Consellería pola formación do profesorado, os docentes estarán exentos do aboamento dos prezos públicos establecidos neste decreto, agás os correspondentes á apertura de expediente e servizos xerais, e unicamente nas materias de nova matriculación.

Isto complementa, por exemplo, o impulso do plurilingüismo que está a facer a Consellería, no sentido de que os docentes non teñen que pagar ningún prezo público para matricularse nas Escolas Oficiais de Idiomas, en ningunha ensinanza, xa que se valora o seu esforzo por actualizar os seus coñecementos como unha aposta propia de cada docente pola mellora da calidade do ensino en Galicia.

Os prezos públicos aprobados son os seguintes:

Ensinanzas elementais e profesionais de música e de danza

a) Ensinanzas elementais de música e de danza:

Apertura de expediente académico: 22 €

Servizos xerais: 13 €

Matrícula de curso completo: 137 €

Matrícula de disciplinas soltas: 34 €

Validación de disciplinas soltas: 6€

b) Ensinanzas profesionais de música e de danza:

Proba de acceso: 34 €

Apertura de expediente académico: 22 €

Servizos xerais: 13 €

Matrícula de curso completo: 232 €

Matrícula de disciplinas soltas: 51 €

Validación de disciplinas soltas: 6€

Ensinanzas artísticas superiores

a) Música, Danza, Arte Dramática e Conservación e Restauración de Bens Culturais:

Proba de acceso: 64 €

Apertura de expediente académico: 22 €

Servizos xerais: 13 €

En 1ª matrícula, por crédito ECTS: 7,8 €

En 2ª ou sucesivas matrículas, por crédito ECTS: 11,5 €

Recoñecemento de créditos ECTS, por crédito: 1 €

b) Deseño:

Proba de acceso: 64 €

Apertura de expediente académico: 22 €

Servizos xerais: 13 €

En 1ª matrícula, por crédito ECTS: 4,7 €

En 2ª ou sucesivas matrículas, por crédito ECTS: 6,7 €

Recoñecemento de créditos ECTS, por crédito: 1 □

Ensinanzas de idiomas

Apertura de expediente académico: 22 €

Servizos xerais: 13 €

Proba de clasificación: 17 €

Matricula por idioma en réxime oficial: 92 €

Matricula por idioma en réxime libre (convocatoria única): 46 €

Cursos especializados para o perfeccionamento de idiomas de nivel C1 ou C2: 92 €

Cursos de actualización e especialización para público en xeral (por hora): 1,5 €

Ensinanzas deportivas

a) Conceptos xerais:

Proba de acceso: 34 €

Servizos xerais: 13 €

Apertura de expediente académico: 22 €

Validación de módulo: 2 €

Proba para homologación: 34 €

b) Ciclos:

Concepto	1ª matrícula	2ª matrícula e sucesivas	Modalidades especiais* 1ª matrícula	Modalidades especiais* 2ª matrícula e sucesivas
Matrícula do ciclo completo:	125 €	156 €	185 €	216 €
Matrícula do bloque común	45 €	56 €	55 €	66 €
Matrícula do bloque específico	85 €	105 €	135 €	155 €
Matrícula do bloque complementario	22 €	27 €	25 €	30 €
Matrícula por módulo solto do bloque Común	15 €	19 €	18 €	23 €
Matrícula por módulo solto do bloque específico	30 €	40 €	40 €	45 €
Matrícula do módulo proxecto final (ciclo de grao superior)	16 €	20 €	19 €	24 €

A XUNTA DE GALICIA DÁ LUZ VERDE Á CREACIÓN DAS ESCOLAS DE DOUTORAMENTO DAS UNIVERSIDADES DE SANTIAGO, VIGO E A CORUÑA

- *Estes centros posibilitarán unha mellora na organización dos programas de doutoramento, así como na colaboración entre disciplinas entre eles*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á creación das escolas internacionais de doutoramento das Universidades de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña. Deste xeito formalízase o trámite sobre o que xa emitira informe favorable o Consello Galego de Universidades o pasado 16 de maio. Tras este visto e prace do Goberno galego, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria notificaralle a aprobación ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, para os efectos da súa inscrición do Rexistro Universitario de Centros e Títulos.

Desta forma as universidades poderán contar por primeira vez con cadanseu centro de doutoramento, de acordo co establecido na normativa reguladora de ensinanza oficial de doutoramento. Estas escolas permitirán mellorar a organización dos programas de doutoramento nunha ou varias ramas de coñecemento. Ademais, ao abeiro destas escolas, as universidades poderán avanzar na colaboración interdisciplinar entre estes programas, así como na súa internacionalización. Cómpre salientar que as universidades terán no vindeiro curso académico a totalidade dos seus programas de doutoramento adaptados ao Real decreto 99/2011, polo que se regulan as ensanzas oficiais de doutoramento, e non precisarán da moratoria que o Goberno central deu, debido a que noutras comunidades autónomas non remataron aínda a adaptación.

Desta forma, a Xunta de Galicia confirma a súa aposta por unha sociedade baseada no coñecemento e no talento das galegas e galegos que exercen o seu labor nos eidos da educación, a investigación e a innovación.

O CONSELLO DA XUNTA APROBOU HOXE A DECLARACIÓN DE FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA PARA A ROMARÍA DA TORTILLA DE LARO

- *A celebración cumpre os requisitos definidos no Decreto 39/2001, regulador da declaración de festas de interese turístico de Galicia*
- *O Consello da Xunta aprobou tamén a declaración de festa de interese turístico de Galicia para a Festa da Merluza do Pincho de Celeiro e mais para a Feira Franca de Pontevedra*
- *Con esta declaración, Galicia conta xa con 87 festas de interese turístico de Galicia, 13 festas de interese turístico nacional e 6 festas de interese turístico internacional*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de festa de interese turístico de Galicia para a Romaría da Tortilla de Laro. A comisión de valoración tivo en conta requisitos como a antigüidade, a singularidade e orixinalidade, o valor cultural e o arraigamento cultural.

A Romaría da Tortilla de Laro celébrase o primeiro venres do mes de agosto, no concello de Silleda (Pontevedra). A romaría conta cunha gran participación veciñal e ano a ano vaise incrementando o número de racións que se serven. Trátase tamén dunha festa de exaltación gastronómica que adoita contar tamén con pregoeiro e cartelistas populares. Neste ano celébrase a súa XXV edición que congregará os veciños e visitantes na Carballeira de Castro.

A Festa da Merluza do Pincho de Celeiro (Viveiro) e mais A Feira Franca de Pontevedra tamén obtiveron a declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia. Con estas novas declaracións, Galicia conta xa con 87 festas de interese turístico de Galicia, as que hai que engadir as 13 festas coa declaración de interese turístico nacional e as 6 co distintivo de festa de interese turístico internacional.

O CONSELLO DA XUNTA APROBOU HOXE A DECLARACIÓN DE FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA PARA A FEIRA FRANCA DE PONTEVEDRA

- *A celebración cumpre os requisitos definidos no Decreto 39/2001, regulador da declaración de festas de interese turístico de Galicia*
- *A Romaría da Tortilla de Laro, en Silleda, e mais a Festa da Merluza do Pincho de Celeiro, en Viveiro, tamén obtiveron a declaración*
- *Con estas declaracións, Galicia conta xa con 87 festas de interese turístico de Galicia, 13 festas de interese turístico nacional e 6 festas de interese turístico internacional*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de festa de interese turístico de Galicia para a Feira Franca de Pontevedra. A comisión de valoración tivo en conta requisitos como a antigüidade, a singularidade e orixinalidade, o valor cultural e o arraigamento cultural.

A Feira Franca celébrase a primeira fin de semana de setembro no concello de Pontevedra. Esta celebración rexistra anualmente unha alta participación tanto dos veciños como dos turistas ataviados con vestimentas da época e respectando en todo o posible a estética do período recreado. A festa remóntase á recreación do privilexio concedido polo rei Henrique IV no ano 1497, en virtude do cal se autorizaba a celebración dun mercado libre de impostos durante un mes. Esta concesión prolongouse ata finais do século XVI. A posta en marcha da recreación data do ano 2000.

O Consello da Xunta tamén aprobou hoxe a declaración de festa de interese turístico de Galicia para a Festa da Merluza do Pincho de Celeiro e mais para a Romaría da Tortilla de Laro, en Silleda.

Con estas novas declaracións, Galicia conta xa con 87 festas de interese turístico de Galicia, as que hai que engadir as 13 festas coa declaración de interese turístico nacional e as 6 co distintivo de festa de interese turístico internacional.

O CONSELLO DA XUNTA APROBOU HOXE A DECLARACIÓN DE FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA PARA A FESTA DA MERLUZA DO PINCHO DE CELEIRO

- *A festa de exaltación gastronómica deste produto do mar cumpre os requisitos definidos no Decreto 39/2001, regulador da declaración de festas de interese turístico de Galicia*
- *O Consello da Xunta aprobou tamén a distinción para a Romaría da Tortilla de Laro e mais para a Feira Franca de Pontevedra*
- *Con estas tres novas declaracións, Galicia conta xa con 87 festas de interese turístico de Galicia, 13 festas de interese turístico nacional e 6 festas de interese turístico internacional*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de festa de interese turístico de Galicia para a Festa da Merluza do Pincho de Celeiro. A comisión de valoración tivo en conta requisitos como a antigüidade, a singularidade e orixinalidade, o valor cultural e o arraigamento cultural.

A Festa da Merluza do Pincho de Celeiro celébrase a fin de semana anterior ás celebracións do 25 de xullo no concello de Viveiro (Lugo). A festa celebra neste 2013 a súa edición número XVI e consiste nunha degustación deste exquisito peixe branco pescado de xeito tradicional ao anzol. A pescada prepárase de diferentes xeitos, como en prebe verde, en caldeirada ou en salpicón.

A Romaría da Tortilla de Laro e mais a Feira Franca de Pontevedra obtiveron tamén a distinción de festa de interese turístico de Galicia. Con estas novas declaracións, Galicia conta xa con 87 festas de interese turístico de Galicia, as que hai que engadir as 13 festas coa declaración de interese turístico nacional e as 6 co distintivo de gesta de interese turístico internacional.

A XUNTA PLANIFICA A REDUCIÓN DUN CUARTO DAS SÚAS NORMAS PARA AVANZAR CARA A UN MAPA NORMATIVO MÁIS CLARO E SINXELO

- *O Consello aprobou o Plan de simplificación legislativa para a presente lexislatura, que ten por obxectivo redimensionar o “bosque legislativo” existente*
- *Esta iniciativa complementa o calendario legislativo que a Xunta aprobou en febreiro co obxectivo de moderar o crecemento da lexislación autonómica*
- *As novas leis aglutinarán as disposicións vixentes en determinadas materias e elaboraranse ata 8 novos decretos legislativos que refundirán normativa dispersa*

O Consello da Xunta deu o seu visto e praxe ao Plan de simplificación legislativa para a IX lexislatura, que ten por obxectivo redimensionar o “bosque legislativo” existente e acadar un mapa normativo máis claro e sinxelo, especialmente de cara ao administrado.

Esta iniciativa complementa o calendario legislativo que a Xunta aprobou o pasado mes de febreiro co obxectivo renovar a lexislación autonómica. Aquel calendario centrábase na actualización de normas que contaban con máis de dez anos de antigüidade, reservando a lexislación sobre novas materias a sectores novos ou cun baleiro normativo cuxa solución era demandada polo sector.

Agora a Vicepresidencia, en coordinación coas distintas consellerías do Executivo galego, propón un plan para rematar a lexislatura con menos leis en vigor que ao comezo e modificar e refundir os textos legais para agrupar toda a regulación sobre unha mesma materia nun único texto.

A planificación que foi hoxe ao Consello baséase en dous tipos de actuacións. Dunha banda, o aproveitamento do calendario legislativo para aglutinar, a través desas novas leis, as disposicións vixentes da Xunta en determinadas materias; e doutra, a elaboración de textos refundidos, solicitando ao Parlamento, a través das leis que se lle remitirán para a súa aprobación, a habilitación para a elaboración de ata oito novos decretos legislativos que refundirán normativa dispersa.

Corenta e dúas normas menos

Segundo se recolle no plan, o balance final da previsión de actividade legislativa da Xunta nesta IX lexislatura será de 44 novas normas aprobadas -8 delas decretos legislativos- e 86 leis que se prevé derrogar. É dicir, por cada lei que aproba, a Xunta derroga 2, e nas que aproba, aproveitarase para clarexar o mapa normativo.

Nesta lexislatura a Xunta non só non aumentará o panorama legislativo senón que o diminuírá en 42 normas, case nunha cuarta parte -un 23,4 por cento-, pasando de 179 a 137 leis vixentes ao final da lexislatura.

Lei de racionalización

A simplificación da normativa galega é un dos obxectivos que aparecen recollidos no proxecto de Lei de racionalización da Administración autonómica, co que o Goberno da Xunta quere dar un paso máis no camiño da racionalización, simplificación e redución administrativa que iniciou de xeito pioneiro no ano 2009.

A nova norma xa encomenda ao Executivo autonómico o inicio dunha actividade de refundición lexislativa e de derogación expresa da normativa non vixente, co obxectivo de desenmarañar o ordenamento xurídico galego e conseguir un mapa normativo máis claro e sinxelo, que ofrezca seguridade xurídica e elimine obstáculos administrativos.

A XUNTA AUTORIZA O GASODUTO QUE DARÁ COBERTURA Á POBOACIÓN E ÁS EMPRESAS DE SALCEDA DE CASELAS E SALVATERRA DE MIÑO

- *O novo ramal beneficiará máis de 12.000 habitantes dos dous concellos e ás empresas situadas na Plisan e no Polígono Industrial da Chan da Ponte*
- *A infraestrutura terá unha extensión de máis de 17 quilómetros, mobilizando un investimento de 3,7 millóns de euros*
- *A actuación encádrase no marco da planificación enerxética do Goberno galego para a creación dunha rede de transporte e distribución que mellore a calidade de vida dos cidadáns e a competitividade empresarial*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do ramal para a subministración de gas natural aos termos municipais de Salceda de Caselas e Salvaterra de Miño. A construción deste gasoduto, que conectará coas redes de distribución dos dous concellos, xa construídas, permitirá o acceso ao gas a máis de 12.000 habitantes, 7.300 no núcleo urbano de Salceda de Caselas e 4.700 en Salvaterra de Miño.

O proxecto, que conta cun orzamento de 3,7 millóns de euros, será desenvolvido pola empresa Gas Galicia SDG, tendo unha lonxitude superior aos 17 quilómetros. Destes, 8,1 quilómetros facilitarán o enganche do gasoduto coa rede de distribución de Salceda de Caselas, e 9,2 quilómetros darán cobertura á rede de Salvaterra de Miño.

Así mesmo, a infraestrutura outorgará un importante beneficio ás empresas da comarca ao facilitar o acceso ao gas natural tanto ao Parque Loxístico Intermodal Salvaterra – As Neves (Plisan) como ao Polígono Industrial da Chan da Ponte, en Salvaterra de Miño, contribuíndo á mellora da súa competitividade.

Deste xeito, o Goberno galego continúa co desenvolvemento dunha política enerxética en que a gasificación da Comunidade se considera prioritaria para avanzar na mellora da calidade de vida da cidadanía e no incremento da competitividade do tecido empresarial galego.

Neste sentido, e no marco da planificación enerxética, o Goberno galego traballa na creación dunha infraestrutura de transporte e distribución de gas que ten facilitado, nos últimos catro anos, unha mobilización de 90 millóns de euros para potenciar investimentos que incrementen a penetración de gas natural. Grazas a isto, Galicia conta nestes momentos cunha rede de distribución que supera os 2.500 quilómetros.

Deste xeito, 63 municipios, máis do 64 % da poboación galega, teñen xa acceso ao gas natural, o que supón máis de 230.000 vivendas con subministración, preto de 24.000 vivendas máis que en 2009. Neste eido, o obxectivo do Goberno galego para os

vindeiros anos é incrementar esta cifra dando acceso ao gas natural ao 75 % da poboación de Galicia.

A XUNTA COMPLEMENTA CON 900.000 EUROS OS FONDOS PARA A INTEGRACIÓN DOS TRABALLADORES DOS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO

- *O Consello da Xunta deu hoxe luz verde a esta orde, que beneficiará máis de 400 persoas con discapacidade*
- *Esta orde é complementaria á que subvenciona o custo salarial para o mantemento dos preto de 1.800 empregos para persoas con discapacidade que hai nestes centros, que contarán este ano cun orzamento de 7,2 millóns de euros para o seu mantemento e crecemento*
- *A subvención máxima pode acadar os 12.000 euros por cada posto de traballo creado de carácter indefinido*

A Consellería de Traballo e Benestar complementará con preto de 900.000 euros os fondos destinados á integración laboral das persoas con discapacidade dos centros especiais de emprego de Galicia. Esta orde autorizada hoxe polo Consello da Xunta é complementaria á que subvenciona o custo salarial entre o 1 de decembro de 2012 e o 30 de novembro de 2013, para o mantemento de emprego nestes 115 centros, e que conta cun orzamento de 7,2 millóns de euros. Polo tanto, o orzamento destinado en 2013 ao emprego das arredor de 1.800 persoas con discapacidade nos centros especiais de emprego ascenderá a oito millóns de euros.

En concreto, a orde que se aprobou hoxe está baseada en dous programas: o de integración laboral das persoas con discapacidade e as subvencións ás unidades de apoio e actividade profesional que traballan nos centros especiais de Galicia. Prevese que os beneficiarios concretos desta orde sexan máis de 400 persoas con discapacidade.

O primeiro programa, de integración laboral, ten por obxecto fomentar a creación, ampliación e o mantemento de emprego nestes centros, a través de axudas que apoiem os proxectos xeradores de emprego. A subvención máxima pode acadar os 12.000 euros por cada posto de traballo creado de carácter indefinido. A través deste programa, tamén se conceden subvencións para a adaptación de postos de traballo, así como axudas excepcionais para o saneamento financeiro e o equilibrio orzamentario co fin de favorecer a viabilidade destes centros.

Por outra banda, o segundo programa de subvención ás unidades de apoio á actividade profesional ten como finalidade promover a integración laboral das persoas con discapacidade con maiores dificultades de inserción a través do financiamento parcial do custo das unidades de apoio que traballan con este obxectivo.

Deste xeito, esta orde inscríbese na aposta da Xunta por fomentar o emprego entre as persoas con discapacidade, xa que o acceso ao mercado laboral é un elemento decisivo para a súa integración plena na sociedade.

De acordo con este principio, a Consellería de Traballo e Benestar leva a cabo diversas actuacións específicas para a inserción deste colectivo, tanto a través da mellora da súa empregabilidade, como para conseguir a súa permanencia no mercado de traballo. Así, ademais dos centros especiais de emprego e entre outras actuacións, o departamento autonómico estableceu incentivos para a contratación de persoas con discapacidade na empresa ordinaria e o programa de emprego con apoio.

A XUNTA MOBILIZARÁ PRETO DE 18 MILLÓNS DE EUROS NA MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DAS PEMES GALEGAS

- *O Igape e a Axencia Galega de Innovación poñen á disposición das empresas case 8 millóns de euros para impulsar actuacións que fomenten o desenvolvemento empresarial no terreo da competitividade*
- *As axudas, que cobren ata o 50 % do custo do proxecto, céntranse nos sectores industrial e servizos*
- *Valórase especialmente o grao de innovación do proxecto, a localización –con preferencia para empresas de Lugo, Ourense, Ferrolterra ou Costa da Morte–, e o compromiso coa creación de emprego*

A Xunta de Galicia, na súa aposta pola modernización do tecido empresarial galego, destina preto de 8 millóns de euros para a realización de proxectos destinados á renovación de equipamentos e maquinaria nas pemes galegas. En total, aspíranse a executar preto de 150 proxectos encamiñados a mellorar a competitividade das empresas, mobilizando investimentos por valor de case 18 millóns de euros. Deste xeito, a Consellería de Economía e Industria prosegue a súa aposta polo desenvolvemento empresarial de Galicia contribuindo, así, á creación de emprego e á xeración de riqueza.

Para acadar este obxectivo, atenderase a dous campos de actuación: industria e servizos. O primeiro deles suma 6,1 millóns de euros, participando de modo conxunto o Igape e a Axencia Galega de Innovación (GAIN), nunha mostra de cooperación institucional que busca a maior eficiencia e aproveitamento posible dos recursos. Así, en función da contía do proxecto, as empresas poderán acudir a un o outro organismo, cubríndose deste xeito o maior número posible de actuacións.

Neste sentido, o Igape destina 3,1 millóns de euros para impulsar proxectos cuxo custo se sitúe entre 300.001 e 500.000 euros, mentres que GAIN agrega 3 millóns máis co obxectivo de atender aquelas actuacións comprendidas entre os 50.000 e os 300.000 euros. En ambos os casos, as iniciativas deberán estar encamiñadas á incorporación de equipamentos tecnolóxicos na industria.

Así mesmo, no tocante ao sector servizos, o Igape destina 1,7 millóns de euros máis para as empresas do sector, que poderán solicitar axudas para a mellora dos seus equipamentos tecnolóxicos ou para o desenvolvemento de sistemas de automatización e procesamento de datos, coa finalidade de incrementar a súa competitividade. O custo máximo subvencionable situarase entre os 30.000 e os 200.000 euros.

En todos os casos, as subvencións cobren ata o 50 % dos investimentos, decidíndose a súa concesión polo sistema de concorrencia competitiva. Entre os criterios de avaliación preferente cómpre salientar o grao de innovación dos proxectos presentados, a pertenza

das empresas a un clúster galego, o compromiso de creación de emprego, ou a localización do proxecto, con especial apoio para aqueles implantados en Lugo, Ourense, Ferroltera e Costa da Morte

Estas axudas enmárcanse dentro das políticas de fomento da competitividade da Xunta de Galicia, concretamente nas medidas de fomento do desenvolvemento empresarial de Galicia neste ámbito estratéxico.

Os apoios complementan o programa Innoempresa, tamén promovido a través da cooperación entre o Igape e GAIN, e que suma 3 millóns de euros para a mellora dos procesos e produtos das pemes. A través del mobilizaranse 7 millóns no impulso á innovación nas empresas galegas, facilitando o financiamento de proxectos empresariais orientados á mellora da competitividade, a través do incremento da capacidade innovadora das pemes.

A XUNTA DE GALICIA CONXELARÁ OS PREZOS DE TODAS AS MATRÍCULAS UNIVERSITARIAS DO VINDEIRO CURSO PARA FACILITAR O ACCESO A ESTES ESTUDOS A MÁIS DE 75.000 ALUMNAS E ALUMNOS

- *O Consello da Xunta analizou hoxe un informe no que se recolle a previsión dos prezos públicos e as axudas ao alumnado, no marco da estratexia de apoio aos estudantes e ao ensino público*
- *Galicia consolídase así como unha das Comunidades Autónomas cos prezos de matrícula de grao e máster máis baixos de España*
- *A Consellería de Educación convocará unha nova liña de axudas para realizar estudos de máster, dirixida ás persoas en situación de desemprego*
- *Ademais volveranse convocar as axudas para inicio e continuación de estudo dos que non cumpren cos requisitos esixidos para as bolsas do Ministerio, incrementando nun 71,5% o orzamento para as mesmas*
- *En total investiranse preto de 3 millóns de euros en bolsas de apoio ao alumnado*

A Xunta de Galicia conxelarán os prezos públicos de todas as matrículas universitarias para o vindeiro curso 2013/2014, co fin de facilitar o acceso a estes estudos a máis de 75.000 alumnas e alumnos que cursan graos, máster e doutoramento no Sistema Universitario de Galicia (SUG). Este é o segundo curso consecutivo no que Galicia mantén conxelados os prezos de 1ª matrícula de grao universitario, engadindo agora o resto das matrículas a este non incremento. Deste xeito consolídase como unha das Comunidades Autónomas cos prezos de matrícula de grao e máster máis baixos de España

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe no que se recolle a evolución dos prezos públicos e das axudas ao alumnado para o vindeiro curso 2013-14. Estas medidas intégranse no marco da estratexia de apoio da Xunta de Galicia aos estudantes e ao ensino público universitario. Esta proposta será transmitida aos representantes das universidades galegas na vindeira xuntanza do Consello Galego de Universidades, no que se someterá a informe o decreto regulador dos prezos públicos a aplicar no ensino universitario.

Con esta iniciativa a Xunta de Galicia quere garantir que ningún mozo ou moza se vexa obrigado a deixar a un lado a súa formación por mor da persistencia da grave crise económica. Así, a maiores da conxelación, a Consellería de Cultura e Educación reforzará as axudas para o inicio e continuación de estudos universitarios oficiais de grao dirixidas a aquel alumnado que non cumpre cos novos requisitos académicos esixidos para acceder ás bolsas do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, o que suporá unha achega de 1 millón de euros para esta iniciativa, o que supón un incremento do 71,5% respecto do orzamento destas axudas na anterior convocatoria. Desta bolsas poderían beneficiarse arredor de 1.500 estudantes.

Nova liña de axudas dirixida aos desempregados

Tamén se convocará unha nova liña de axudas para realizar estudos universitarios oficiais de máster durante o curso 2013-2014. Esta acción vai dirixida ás persoas en situación de desemprego, co fin de facilitar a súa reincorporación ao mercado laboral mediante unha formación especializada, orientada ao exercicio profesional. Para iso a Consellería subvencionará o custe da matrícula naqueles máster especialmente orientados ao acceso ao mercado de traballo; unha iniciativa da que se poderán beneficiar 150 persoas.

Estas dúas novas convocatorias de bolsas engádense ás 5 liñas de apoio ao estudantado universitario que xa foron publicadas ao longo deste ano. As 7 convocatorias supoñen un total de preto de 3 millóns de euros destinados a apoiar ao alumnado, o

En concreto, no ano 2013, foron xa convocadas os premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia para o alumnado que rematou os seus estudos universitarios no ano 2012 nas universidades do SUG; as axudas complementarias ás achegadas pola UE no marco do programa comunitario de mobilidade Erasmus e Suíza - que se incrementaron este ano nun 30%-; as destinadas ao alumnado que se vexa afectado por causa sobrevida ou imprevista teña dificultades económicas para continuar estudos; as axudas para estadias nalgún estado membro da UE, co obxecto de coñecer a lingua dese país; e as dirixidas aos estudantes universitarios que participan en programas de mobilidade con países extracomunitarios no curso 2013-2014.

Os prezos públicos máis baixos

Segundo reflicte o informe analizado hoxe no Consello da Xunta, Galicia mantén os prezos máis asequibles no Sistema Universitario Español, grazas ao esforzo da Consellería e ao acordo acadado coas tres universidades para manter no curso actual conxelados os prezos de 1ª matrícula de grao. Para o resto de matrículas, a suba dos prezos públicos na comunidade galega foi, en conxunto, a máis baixa do Sistema Universitario Español, no que a maioría de comunidades optaron por penalizar severamente este tipo de matrículas.

Respecto dos prezos dos máster universitarios, Galicia lidera todas as clasificacións cos prezos máis baixos de todo o Estado. Segundo recolle o informe, as diferenzas chegan a ser de tal magnitude con algunhas Comunidades que, no futuro, pode ser unha fonte de atracción de estudantado doutras comunidades.

A APLICACIÓN DOS PROGRAMAS BACTERIEMIA ZERO E PNEUMONÍA ZERO EVITOU 38 MORTES NAS UNIDADES DE COIDADOS DE CRÍTICOS DOS HOSPITAIS DO SERGAS

- *Esta iniciativa enmárcase dentro da Estratexia Sergas 2014, no apartado de mellora da seguridade dos pacientes e calidade asistencial*
- *O Sergas xa formou a 2.442 profesionais no Programa Bacteriemia Zero e a 1.618 no Programa Pneumonía Zero*
- *Amósase unha diminución na incidencia de bacteriemia asociada a catéter venoso central de 4,1 casos por 1.000 días en 2008, a 2,24 casos en 2012*
- *Conseguíuse, tamén, diminuír a incidencia de 9,93 pneumonías por 1.000 días de ventilación mecánica no ano 2010, a 4,97 pneumonías en 2012*
- *A Administración sanitaria galega agradece aos profesionais encargados de levar a cabo estes programas o seu esforzo e dedicación, sen eles estes resultados non serían posibles*

As bacteriemias relacionadas con catéters venosos centrais (BRC) e as pneumonías relacionadas coa ventilación mecánica (NAVM) son un problema de atención sanitaria nas unidades de coidados críticos. Investigadores da Universidade Johns Hopkins desenvolveron unhas intervencións que conseguiron eliminar case na súa totalidade as BRC e diminuír considerablemente as NAVM en 130 unidades de coidados intensivos en 4 anos.

A Alianza pola Seguridade do Paciente da Organización Mundial da Saúde, xunto coa Universidade Johns Hopkins promoven a aplicación das devanditas intervencións de xeito global coa intención de obter resultados similares. España, por medio do Ministerio de Sanidade, foi o primeiro país en sumarse a estas iniciativas que trasladou aos servizos de saúde das comunidades autónomas. Galicia participa nestes proxectos, Bacteriemia Zero, desde 2009 e Pneumonía Zero, desde o seu inicio no mes de abril de 2011. En concreto, o Programa Bacteriemia Zero comézase a aplicar nos hospitais do Sergas no ano 2009 en 4 unidades de críticos, pasando a ser 15 as unidades do Sergas que aplican as medidas en decembro de 2012. Polo que atinxe ao Programa Pneumonía Zero, implantouse nos hospitais do Sergas no mes de abril de 2011, aplicando as medidas 18 unidades en decembro de 2012.

Os obxectivos marcados polo ministerio para estes programas son acadar unha diminución das taxas de bacteriemia asociada a catéter venoso central inferiores a 4 casos por 1.000 días de catéter venoso central, e unhas taxas de pneumonía asociada a ventilación mecánica inferiores a 9 casos por 1.000 días de ventilación mecánica.

Resultados da aplicación dos dous programas: 38 mortes evitadas

A análise dos rexistros realizados polas unidades do Sergas que implantaron estes programas amosa unha diminución da incidencia de bacteriemia asociada a catéter

venoso central de 4,1 casos por 1.000 días de catéter venoso central en 2008, a 2,24 casos por 1.000 días de catéter venoso central en 2012. No período que vai de 2009 ao 2012 esta diminución tradúcese, nos hospitais que tiñan implantado o programa máis de 12 meses, en 160 bacteriemias asociadas a catéter venoso central evitadas -redución dun 39,5 % dos casos-, 14 mortes evitadas, e 1.925 días de estadía na UCI evitadas, que se traducen nun aforro estimado de ao redor de 6 millóns de euros.

No que atinxe á pneumonía asociada á ventilación mecánica, no período comprendido entre abril de 2011 e decembro de 2012, o Sergas conseguiu diminuír a incidencia de 9,93 pneumonías por 1.000 días de ventilación mecánica no ano 2010, a 4,97 pneumonías por 1.000 días de ventilación mecánica no 2012, que se traduce, nos hospitais que tiñan implantado o programa máis de 12 meses, en 198 pneumonías evitadas, 24 mortes evitadas, 3.668 días de estadía evitados, e un aforro estimado de 11,3 millóns de euros. Cómpre engadir, así mesmo, que o Sergas xa formou 2.442 profesionais no Programa Bacteriemia Zero e 1.618 no Programa Pneumonía Zero.

Mellora da seguridade dos pacientes

Tanto o Programa Bacteriemia Zero como Pneumonía Zero, xunto coa estratexia de hixiene de mans e a actualización do Plan de minimización de riscos microbiolóxicos nos hospitais do Servizo Galego de Saúde, enmárcanse dentro das liñas de actuación da Estratexia Sergas 2014 dirixida a incrementar a seguridade dos pacientes e a prevención da infección relacionada coa asistencia sanitaria. A Estratexia Sergas 2014 inclúe, ademais, outras liñas de actuación para a mellora da seguridade dos pacientes, como a implantación e desenvolvemento do Sistema de notificación e aprendizaxe para a seguridade do paciente (SiNAPS), e a creación dos núcleos de seguridade nas xerencias de xestión integrada, que son determinantes para acadar os obxectivos destes programas.

Actividades establecidas e agradecemento aos profesionais

A intervención para a prevención da infección contempla a implementación de tres grupos de actividades complementarias e igualmente importantes que deben ser realizadas a nivel das unidades de coidados críticos dos hospitais. En primeiro lugar, a intervención estandarizada de inserción e manexo de catéteres (Stop Bacteriemia relacionada con catéter venoso central). En segundo termo, a intervención estandarizada mediante a aplicación dun paquete de medidas básicas de obrigado cumprimento e outro de medidas específicas altamente recomendables para previr as pneumonías asociadas á ventilación mecánica. En terceiro lugar, o Plan de seguridade integral que persegue fortalecer a cultura da seguridade no traballo diario nas unidades de críticos. En cuarto termo, o rexistro de actividade no aplicativo informático deseñado para o seguimento destes proxectos e revisión e análise de indicadores de cumprimento dos obxectivos.

O que non se mide non se pode mellorar. Esta é a premisa en que se basea a estratexia de seguridade de pacientes e calidade do Servizo Galego de Saúde.

Hai que sinalar, así mesmo, o agradecemento por parte da Administración sanitaria aos profesionais encargados de levar a cabo estes programas, sen os que estes resultados non serían posibles.